



Concello de Castrolverde

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE CONSERXE DE COLEXIO E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (FUNCIONARIO INTERINO POR VACANTE) MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE. EXTE. 126/2025

D. XOSÉ MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE, LUGO

Vistas as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 7 de maio de 2025 para o nomeamento de un funcionario interino por vacante e constitución de bolsa de traballo de conserxe de colexio público e instalación municipais.

Visto que en data 15 de maio de 2025 se publicaron as bases no BOP de Lugo.

Visto que en data 29 de maio rematou o prazo de presentación de solicitudes.

Visto o decreto de alcaldía nº 272 de data 23 de xuño de 2025 de nomeamento do tribunal de selección e data de constitución e realización das probas

Visto a acta de selección do tribunal do 1 de xullo de 2025 no que solicitan o nomeamento de asesores especialistas para a confección e valoración da proba práctica a realizar o 8 de xullo de 2025.

En virtude das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como asesores especialistas para a proba práctica do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de conserxe de colexio público e instalacións municipais a realizar o 8 de xullo de 2025 a don José Luis López Arias con DNI nº 33845582 R, encargado da brigada de obras e Darío Boudón Ferreiro con dni nº 33314955F, operario municipal de obras

segundo .-Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición, no prazo de un mes, ante a Alcaldía ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, de acordo co previsto na lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Así mesmo no caso de concorrer causa de abstención, os/as aspirantes poderán recusalos conforme o artigo 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>.

Ordénao e asínao o Sr Alcalde

Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción no libro de resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade





Concello de Castoerverde

Castoerverde, na data da sinatura electrónica á marxe.

O alcalde

A Secretaria Interventora

Xosé María Arias Fernández

María García Ferro

